

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

Era mércores, e por algunha desas cousas da vida, atopábame na biblioteca municipal. Non era a primeira vez que ía, pero tampouco se pode dicir que fose un siareiro habitual (para ser sincero, direi que era a segunda vez que me deixaba caer por alí). Aquel mércores fora acompañando ao Albert, pois el tiña que consultar unhas cousas nunha enciclopedia grande, de tapas verdes, para un traballo escolar.

Albert pedírame que o axudase, pero eu téñolle unha pouca alerxia á letra miúda, e, nas enciclopedias, ben sabedes, todo é letra de pulga.

Total, que levaba por aí media hora agardando a que o meu amigo terminase de copiar e xa estaba aborrecido de mirar para a xente, para as rapazas e as tapas dos libros. De maneira que collín un dos libros que tiña ao alcance da man para lle mirar os debuxos.



Albert continuaba transcribindo o que puña na enciclopedia. Batinlle co cóbado para que acabase axiña e el arrenegou porque dicía que lle riscara na libreta. Agnés, a bibliotecaria, con cara de poucos amigos, ordenou silencio e ficou mirando para min coma se eu fose o causante do barullo.

Cando a bibliotecaria deixou de mirarme, díxenlle ao Albert que apurase, se quería que lle ensinase a miña colección de lagostinos disecados. Nin caso. Albert seguiu copiando con toda a paciencia do mundo e, por riba, a penas se acalorou ao lanzar a ameaza:

– Mira, rapaz, se non me deixas ver a túa colección, eu non che dou os adhesivos das motos «repes».

Por se acaso, calei a boca.

Josep Gregori: *Movida na biblioteca*, Edicións Xerais (adapt.).



1 En que espazo ten lugar este texto?

.....

2 Cando sucede a historia?

.....

3 Por que o neno estaba nese lugar?

.....

- Como se chama o seu amigo?

.....

4 Vai alí con moita frecuencia?

.....

5 Por que non lle gustan as enciclopedias?

.....

6 Quen é Agnés?

.....

- Por que se enfadou?

.....

7 Que cres que sucederá despois?

.....

.....

.....

.....

.....

